

## **MANIFESTO NA CONTRA DAS MINAS D'A TERRA CHÁ**

Hai anos comecei un libro no que narraba un conto xogando co artificio de que mo contaba un homiño da Feira do Monte, dicía así:

Eu nacín chairego e, suceda onde suceda, na mariña o una montaña, chairego hei morrer.

Nunca me dixen de sitio ningún que non fose da Terra Chá, aquí naceron os meus país, os meus avós, bisavós e tataravós.

Non teño este lugar polo mellor do mundo, só o teño polo da miña nacencia e o da miña estirpe. El me deu a el me debo.

Unha coincidencia de datas tenme hoxe na beiramar da Costa da Morte, mais eu sei ben canto desexaría estar aquí para vos dicir que con vós, brazo con brazo, impediremos esta desfeita.

Coma quen se dispón para un combate, póño-me ao voso dispor para preservar esta terra da rapina egoísta, do ladronicio que vén de fóra, apaña a correr o que pode sen reparar no que destrúe, e foxe na noite co produto agachado nas súas obscenas faltriqueiras.

Rouban o que é noso, pero é que ademais rouban o chan dos nosos fillos.

Chámanlle industria, aproveitamento de recursos, pero detrás deles só queda destrución, deserto e terra morta.

Somos tan vellos neste sitio coma os seixos que agora cobizan. Cando esas duras penas se apousaban neste chan xa nós lles estabamos a poñer nome aos lugares que a terra e a herba cubriu. Se erguíamos un seixo era para marcar un sitio ao que lle poñíamos de inmediato un nome. Para que? Para crealo e que permanecese, para podermos volver a el, para marcar un punto no universo.

Non podemos consentir que borren do mapa da nosa memoria os nomes que dan testemuño dos milleiros e milleiros de anos que levamos aquí os chairegos.

Non, irmaos chairegos e irmás chairegas, os que amamos a Terra Chá non imos permitir a súa destrución e a súa morte.

Unha forte aperta e contade comigo para a próxima, porque non imos ceder.

Xabier P. Docampo.